

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) PARA A COLABORACIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO NO MARCO DO PROXECTO SISTEMA INTELIXENTE RELACIONAL PARA O ACOMPAÑAMENTO (SIRA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Con carácter específico, correspóndelle á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, entre outras funcións, impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto de actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar dirixidas á atención das persoas maiores, de acordo co establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na Lei 39/2006, do 14 de decembro. Entre estas actuacións inclúense a ordenación, planificación e innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios, así como a coordinación e avaliación da súa actividade asistencial. En particular, ten atribuídas as funcións relativas á planificación das políticas, no ámbito da Dirección Xeral, en materia de innovación tecnolóxica e de investigación e innovación na xestión de programas e servizos sociais. Así mesmo, encárgase da coordinación das iniciativas no eido das TIC sociais e da supervisión da/s plataforma/s tecnolóxica/s que dan soporte a estas actividades dentro do sistema galego de servizos sociais.



Que a Axencia de Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a axencia e se aproban os seus estatutos, ten atribuídas funcións de planificación, xestión e avaliación do coñecemento no Sistema público de saúde de Galicia, así como de apoio á investigación sanitaria, formación e innovación organizativa e asistencial. No exercicio destas competencias, ACIS actúa como axente vertebrador entre os eidos sanitario, social e científico, promovendo proxectos de innovación orientados á mellora da calidade asistencial e á sustentabilidade do sistema.

Que o 23 de xuño de 2023 se publicou no Boletín Oficial del Estado, núm. 149 do 23.06.2023, a Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación, destinada a fomentar o desenvolvemento e a adquisición de produtos ou servizos innovadores, co fin de:

- a) Mellorar os servizos públicos, en termos de eficacia ou eficiencia;
- b) Mellorar a innovación e a competitividade empresarial, atraendo fondos para a I+D+i empresarial mediante a contratación;
- c) Reforzar a comercialización da innovación empregando ao cliente público como cliente lanzador ou de referencia;
- d) Estimular o emprendemento e a innovación, particularmente das PEME.

Que proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) é unha iniciativa de Compra Pública de Innovación (CPI), un instrumento que permite ás administracións públicas contratar solucións innovadoras que aínda non existen no mercado, o que favorece a investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i). Isto significa que a administración non define previamente un produto ou servizo pechado, senón que expón unha necesidade e promove que as empresas propongan solucións innovadoras. Neste caso, a necesidade formulada é dispoñer dun sistema avanzado que permita detectar e dar resposta á soidade non desexada, contribuíndo así a mellorar o benestar das persoas afectadas e a apoiar a toma de decisións públicas baseadas na evidencia.

O presente convenio ten por obxecto formalizar a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade, como entidade promotora do proxecto innovador Sistema Intelixente



Relacional para o Acompañamento (SIRA), e ACIS, como entidade colaboradora, co fin de impulsar de maneira conxunta o deseño, a implementación e a avaliación do proxecto.

A soidade non desexada pode definirse como unha experiencia persoal negativa na que unha persoa sente a necesidade de comunicarse cos demais e percibe deficiencias nas súas relacións sociais, ben porque ten menos relacións das que desexaría ou porque as que mantén non lle ofrecen o apoio emocional que necesita. Trátase, polo tanto, dunha condición incontrolable na que a persoa experimenta e sente soidade.

A soidade non desexada é unha problemática que afecta de forma transversal a distintos colectivos, pero que adquire especial gravidade entre as persoas maiores. Non se refire unicamente á ausencia de compañía, senón a unha experiencia subxectiva de insatisfacción coas relacións sociais existentes, con consecuencias demostradas sobre a saúde física, emocional e cognitiva de quen a padece.

Que entre os criterios de priorización das operacións que dispón a citada Orde de convocatoria, establécese a participación de axentes de I+D+i a través da sinatura de convenios de colaboración entre a entidade solicitante da axuda e estes, para o desenvolvemento do proxecto.

Que o presente convenio non contempla ningún tipo de contido económico entre as partes asinantes, nin xera ningún compromiso ou obriga recíproca de carácter económico ou financeiro que puidera ser obxecto de reclamación ou litixio. As actuacións que leven a cabo as partes no marco deste convenio desenvolveranse con cargo aos seus respectivos orzamentos correntes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar con ACIS o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura ata o 31 de decembro de 2028.



En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Data e sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

